

# XVI CONCURSO DE **PROXECTOS** **EMPRESARIAIS INNOVADORES**



## Obxectivo

A Universidade de Santiago de Compostela, a través da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) e en colaboración coa súa incubadora UNINOVA, organiza o *XVI Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores* co fin de premiar a emprendedores e emprendedoras que presenten proxectos empresariais innovadores.

O obxectivo é impulsar a creación de empresas innovadoras promovidas pola comunidade universitaria da Universidade de Santiago de Compostela, así como a innovación empresarial e a xeración de emprego.

## O CONCURSO REXERASE POLAS SEGUINTES BASES:

### ARTIGO 1

#### **PARTICIPANTES:**

O concurso vai dirixido a:

1. Estudantes da USC de grado ou máster e persoas egresadas que obtivesen a súa titulación nos tres últimos anos contados dende o día de peche da convocatoria deste concurso), en calquera área de coñecemento (Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias Xurídicas e Sociais, Ciencias Experimentais e Ensinanzas Técnicas) que, individualmente ou en equipos, teñan un proxecto empresarial innovador con potencialidade para converterse nunha empresa.
2. Doutores e doutoras, doutorandos e doutorandas, persoal de investigación, e alumnado de terceiro ciclo, que desenvolvan actividades de investigación na USC.
3. Persoal de Administración e Servizos (PAS)
4. Empresas xa constituídas ao longo dos anos 2015 e 2016 e durante o período do ano 2017 comprendido entre o 1 de xaneiro e a data de publicación destas bases, ou que prevean constituirse durante o ano 2017, por promotores e/ou promotoras co perfil descrito.
5. As empresas que xa foron premiadas no “XV Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC” non se poderán presentar a este concurso.

# XVI CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES



## ARTIGO 2

### MODALIDADES E PREMIOS

Os premios (suxeitos a retención) concederanse por proxecto, independentemente do número de participantes no mesmo, e a súa contía será a seguinte:

- **PREMIO EMPRESA EBT da USC:** 2.000 €

Este premio está destinado a empresas que teñan a cualificación de “*Empresa EBT da USC*”.<sup>1</sup>

- **PREMIO EMPRESA START-UP:** 2.000 €

Este premio está destinado a *Empresas Start-Up*, que son aquelas formadas por unha ou máis persoas da comunidade universitaria da USC que presentan un marcado carácter innovador. Por exclusión se unha empresa ten a consideración de EBT, non será considerada Start-Up e viceversa.

- **PREMIO PROXECTO EMPRESARIAL EBT:** 2.000 € + 1 beca BoosterWE
- **PREMIO PROXECTO EMPRESARIAL START-UP:** 2.000 € + 1 beca Booster WE

Estes dous premios, de igual categoría, están destinados a proxectos empresariais que se consolidarán nunha EBT ou nunha Start-up da USC.

- **PREMIO MULLER EMPREENDEDORA:** 2.000 €

Este premio está destinado a proxectos empresariais que se consolidarán nunha EBT ou nunha Start-up da USC e nos que a porcentaxe maioritaria do capital social sexa dunha ou varias mulleres. Será preciso presentar un documento oficial acreditativo desta circunstancia (Unha vez constituída a empresa).

- **PREMIO Á PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA:** 1.000 €

Este premio está destinado a proxecto ou empresa que teña un maior vínculo, relación ou interese coa lingua, ben sexa a través da consideración da lingua galega como oportunidade de negocio por si mesma, ou a través da consideración da estratexia lingüística (a lingua galega nun mundo global) como estratexia de mercado e factor transversal.

2.1 Os premios económicos de proxectos empresariais estarán vinculados á creación da empresa seguindo as indicacións do Artigo 7. destas bases.

2.2 A organización do concurso reservase o dereito a declarar deserto un ou varios premios, se os proxectos non reunisen as condicións necesarias para ser premiados, ou no seu caso, ampliar os premios concedendo os accésits que considere oportuno. Si un premio quedara deserto o importe económico do mesmo poderá ser destinado a incrementar o número dalgún dos outros premios.

2.3 Cada proxecto poderá recibir como máximo un premio.

<sup>1</sup> Empresas de Base Tecnolóxica (EBT) da USC: Aquelas empresas coas seguintes características:

- Que teñan a súa orixe na actividade investigadora da USC, entendida como a realizada utilizando a súa infraestrutura e medios, desenvolvida polo PDI como consecuencia do desempeño das funcións que lles son propias.
- Que participe na súa promoción e creación PDI da USC, con posible implicación de terceiros.
- Que a USC participe no seu capital social e se establezan contraprestacións polo coñecemento transferido á empresa.
- Que teña sido acreditada como tal polos seus órganos conforme ao regulamento de creación de empresas da USC, e ás condicións que fixe a lexislación vixente.

# BASES

## XVI CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES



2.4 As persoas gañadoras dos premios proxecto empresarial EBT e Start-up, terán o premio engadido “BoosterWE” promovido por RedEmprendia. BoosterWe ofrece apoio para unha aprendizaxe práctica en xestión de negocios a través de estancias en pequenas e medianas empresas que operan noutro país en sectores complementarios aos dos proxectos dos emprendedores. Estas estancias terán unha duración de entre 6 e 12 semanas. Para máis información sobre os requisitos e vantaxes deste Programa consultar <https://www.redemprendia.org/es/boosterwe/que-es-2>

2.5 Os proxectos gañadores terán acceso gratuíto á incubadora do Edificio Emprendia durante 6 meses, contados a partir da data de constitución da empresa.

2.6 A AVTE facilitará aos proxectos e empresas gañadoras que o soliciten, reunións de contacto coas entidades inversoras (UNIRISCO e XESGALICIA) que colaboran neste Concurso. En particular as empresas gañadoras poderán participar nos foros de inversión organizados por IGAPE e XESGALICIA

2.7 As persoas finalistas e gañadoras deste concurso terán a oportunidade de presentarse, coa súa iniciativa empresarial, ao Programa Erasmus for Young Entrepreneurs da Comisión Europea, do cal UNINOVA é Organismo Intermedio, programa que financia estadias formativas en pequenas e medianas empresas en diferentes países da Unión Europea para novos e novas emprendedoras. Para máis información sobre os requisitos e vantaxes deste Programa consultar <http://www.erasmus-entrepreneurs.eu/>

### ARTIGO 3

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA SOLICITUDE

As persoas interesadas en participar neste concurso deberán presentar a seguinte documentación:

1. Currículum Vitae dos promotores e promotoras integrantes do proxecto.
2. Memoria descritiva do proxecto (plan de empresa), incluíndo:
  - Título e descrición detallada do proxecto
  - Sector ao que se dirixe (características e tendencias)
  - Produtos ou servizos que se pretendan ofertar
  - Análise da competencia
  - Plan comercial e de marketing
  - Recursos Humanos
  - Plan de investimentos e financiamento
  - Conta de resultados

***Todo isto contemplando un horizonte temporal de 3 anos***

<sup>2</sup> Este premio está supeditado á convocatoria en 2017 do Programa BoosterWE por parte de RedEmprendia

# XVI CONCURSO DE **PROXECTOS** **EMPRESARIAIS INNOVADORES**



O persoal técnico da AVTE e UNINOVA estará a disposición das persoas promotoras para axudalas na elaboración dos proxectos. Os e as interesadas en recibir esta axuda deberán dirixirse ao Edificio Emprendia do Campus Vida en Santiago, ou ao Edificio CACTUS do Campus Terra en Lugo.

No caso de que a Comisión Avaliadora de Proxectos estime necesario solicitar máis información, poñeroa en coñecemento dos e das participantes para que no prazo de 7 días naturais contados a partir da data de recepción do requirimento complete o expediente. A efectos de notificación e recepción de documentación considerase válido o correo electrónico como medio de comunicación.

Os proxectos finalistas deberán entregar, cando se lle solicite:

1. Fotocopia do DNI (ou pasaporte) dos promotores e promotoras.
2. Documentación que acredite a vinculación coa Universidade de Santiago de Compostela (título, impreso de matrícula, etc.)

## ARTIGO 4

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de presentación estará aberto dende o 9 de marzo ata o 9 de maio de 2017.

## ARTIGO 5

### **LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

O procedemento para participar no XVI Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC, consta de tres fases: :

- 1º) Cumprimentación e envío do **“formulario de preinscrición”** que se pode atopar na páxina web: [www.usc.es/avte](http://www.usc.es/avte)
- 2º) Presentación por rexistro da documentación descrita no artigo nº 3, e que deberá introducirse nun sobre, indicando no mesmo como referencia: **XVI Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC**, e deberá estar dirixido a: **AVTE** (Edificio Emprendia s/n, Campus Vida, Universidade de Santiago de Compostela).

Este sobre, debidamente cuberto e pechado, presentarase (dentro do prazo sinalado no artigo 4) en calquera dos Rexistros Xerais da USC, situados en:

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n

Oficina de Xestión de Valorización de I+D, Edificio CACTUS, Campus Vida

LUGO

Servizos Administrativos no Edificio da Biblioteca Intercentros

# XVI CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES



A documentación da solicitude poderá ser remitida tamén a esta dirección por correo certificado con instancia selada pola oficina de Correos.

Ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 27.11.92).

3º) Ademais de presentar a documentación en formato papel, será obrigatorio enviala tamén en formato dixital, dentro do prazo sinalado no artigo 4 á seguinte dirección de correo electrónico: [avte@usc.es](mailto:avte@usc.es)

## ARTIGO 6

### AVALIACIÓN

**1ª Fase:** Todos os plans de empresa presentados serán avaliados seguindo os criterios establecidos neste artigo, polo persoal técnico da AVTE e UNINOVA. Os mellor valorados pasarán á 2ª fase en calidade de “finalistas”.

**2ª Fase:** As persoas finalistas realizarán unha exposición presencial dos seus proxectos empresariais ou empresas ante o xurado do concurso.

#### Composición do xurado:

O xurado estará composto por representantes de entidades colaboradoras deste Concurso, así como por persoas expertas en innovación empresarial.

A súa composición concreta publicarase no taboleiro de anuncios do Edificio Emprendia.

#### Criterios de valoración:

Os criterios de valoración que se terán en conta son os seguintes:

- Viabilidade do proxecto
- Grao de innovación do produto, proceso ou servizo
- Volume de emprego proxectado
- Carácter multidisciplinar do equipo promotor
- Ter en conta as políticas de igualdade
- Relación ou interese do proxecto coa lingua galega

# XVI CONCURSO DE **PROXECTOS** **EMPRESARIAIS INNOVADORES**



## ARTIGO 7

### **PAGAMENTO**

Unha vez fallado o premio, os gañadores terán un prazo dun ano para presentar a seguinte documentación, imprescindible para o libramento dos premios:

- Fotocopia da escritura de constitución da empresa inscrita no Rexistro Mercantil
- Fotocopia da tarxeta do CIF da nova empresa e domicilio social
- Certificación bancaria do nº de conta da empresa
- Facturas que xustifiquen os gastos de inicio de actividade e funcionamento da empresa

De non presentarse a documentación completa en prazo entenderase que o gañador ou gañadora renuncia ao premio.

## ARTIGO 8

### **CONFIDENCIALIDADE**

A USC comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos e proxectos aportados por quen teñan participado que non foran premiados/as. Toda vez que o xurado efectúe o seu fallo, poderanse difundir as características xerais dos proxectos gañadores así como o nome das e/ou dos seus promotores.

Establécese un prazo de 2 meses, a partires da data do fallo, para a retirada da documentación aportada. Transcorrido este período, a documentación destruírase.

## ARTIGO 9

### **ACEPTACIÓN DAS BASES**

A presentación ao concurso implica a **plena aceptación da totalidade das súas bases e do fallo do xurado.**

Non poderá presentarse a este concurso o persoal dalgunha das entidades relacionadas coa Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento e UNINOVA, nin directamente nin a través de familiares de ata segundo grao.

# BASES

**XVI**  
CONCURSO DE  
**PROXECTOS**  
**EMPRESARIAIS**  
**INNOVADORES**



## PARA MÁIS INFORMACIÓN

Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE)

@ [avte@usc.es](mailto:avte@usc.es)

☎ 881 815 561 (Santiago) 982 822 854 (Lugo)

**UNINOVA**

☎ 881 815 596 / 881 815 593

**TELÉFONO GRATUITO:**

☎ 900 100 981